


Guía do/a Residente

Área Sanitaria de Vigo





Dirección de Recursos Humanos
Comisión de Docencia CHUVI
Unidade de Calidade de Coidados

Índice

Presentación.....	4
Prazas acreditadas e ofertadas para o ano 2020.....	10
Directorio de Servizos / Unidades por Centros.....	13
Trámites administrativos á incorporación ao Hospital.....	20
Outras unidades ou servizos de interese.....	23
O/a residente no hospital.....	26
Organización da formación especializada.....	29
Sistema de avaliación da formación especializada R.D 183/2008, de 8 de febreiro.....	41
Rotacións externas.....	48
Estancias formativas.....	52
Recursos de Investigación e Docencia.....	54
Normas xerais dos/as Residentes.....	61
Programa de formación de residentes no Servizo de urxencias.....	73

Presentación



Presentación

A Dirección e os/as profesionais da Área sanitaria de Vigo dámosche a benvida aos nosos Centros. Esperamos e desexamos que o teu período de formación especializada, a *residencia*, sexa de proveito. Pensamos que tes realizado unha moi boa elección. A Área sanitaria de Vigo conta con centros sanitarios de primeiro nivel. Pertence á rede de utilización pública do Servizo Galego de Saúde.

Nos nosos Centros existen grandes profesionais e os mellores avances tecnolóxicos para diagnóstico e tratamento das enfermidades. Somos referencia para múltiples especialidades e patoloxías concretas. Actualmente, posuímos acreditación docente en practicamente todas as especialidades recoñecidas en España. En resumo, a Área sanitaria de Vigo ten todo para que a túa formación especializada sexa excelente.

Se ben, os Centros e os/as seus/súas profesionais ofreceranche óptimas posibilidades, gran parte da túa formación vai depender de ti, do teu traballo, da túa tesón, do teu estudo e do teu nivel de compromiso. A categoría profesional na que agora comezas segue levando os cualificativos de *interno* e *residente* por algo. Canto máis vivas no hospital ou centro de saúde, mellor será a túa formación. Nunca te arrepentirás dos tempos pasados dentro do hospital, aínda que sexan fóra da túa xornada laboral habitual. Á súa vez, non é unha esaxeración dicir que a calidade asistencial dos nosos centros nos próximos anos vai depender de ti e dos/as demais *residentes*. Así ocorre nos centros modernos e punteiros. É así porque os/as *residentes* sodes o elemento dinamizador. Xa non es un/unha alumno/a, senón unha parte importante dunha organización.

Durante esta etapa, a Comisión de Docencia, os respectivos titores e o conxunto de profesionais, encargaranse de guiar e supervisar a túa labor e a túa formación. Sen embargo, non esperes unha tutela paternalista nin unha programación como cando eras estudante. A situación agora é distinta: asinaches un contrato como profesional sanitario e, polo tanto, con responsabilidades. Dise que a Medicina é *a artesanía de tomar decisións coa información insuficiente (aínda que sempre coa mellor información posible)* e como tal profesional terás que aprender a convivir con esa incerteza e a tomar decisións que serán supervisadas polos estamentos mencionados, sobre todo nos teus primeiros anos, pero de forma progresiva terás que adquirir autonomía para elas. Todos/as empezades de cero, pero non todos/as chegaredes igual de lonxe. O mundo ao finalizar a *residencia* é de novo

competitivo e máis o será cando á finalicedes. Canto máis te implique no traballo e nesas decisións, mellor será a túa formación.

Os nosos Centros dispoñen dos mellores avances tecnolóxicos, pero ningún deles pode substituír a túa capacidade de pensar. Non confundas medicina moderna con petición indiscriminada de probas, por actuais que estas parezan. Tamén se dixo reiteradamente que *o que non sabe o que busca non entende o que atopa*. Non esperes que unha proba te solucione un problema se ti antes non pensaches unha solución ao problema. Se o teu traballo se vai desenvolver en contacto directo cos/coas pacientes, non esquezas que o fundamental é falar con eles e preguntarles que lles pasa, dende cando e a que lles parece que é debido. Un risco certo nos tempos modernos é esquecernos do máis básico.

Vas ser traballador/a da sanidade pública e, como tal, cada acto médico que realices vai representar un acto de xestión. Case sen darte conta, das túas decisións vai depender pronto unha gran cantidade de diñeiro público, que debes saber administrar ao decidir un ingreso ou unha alta, un tratamento u outro, ou a petición ou non dunha proba diagnóstica. Coñecer a contía das cousas e traballar en termos de eficiencia é un elemento fundamental da calidade asistencial nunha organización como esta. O sistema público de saúde é unha bendición que estamos obrigados a preservar e, por suposto, a mellorar. Tampouco é unha esaxeración dicir que a súa sustentabilidade vai depender en boa parte de todos vós nos próximos anos.

Durante a túa *residencia* vas ter oportunidade de iniciarte ou progresar na investigación. Se tes vocación investigadora, poderás, sen dúbida, desenvolvela nos nosos Centros. Non debes perder de vista, sen embargo, que a investigación supón unha cantidade substancial de dedicación e de tempo, e que a túa principal misión nestes anos é a formación clínico-asistencial.

A colaboración nas labores docentes, ben sexa cara os/as *residentes* (cando sexas *R-maior*) ou cara os/as alumnos/as de graos/licenciaturas, non só é unha oportunidade senón que é unha obriga moral para ti. Ese acto de xenerosidade é parte consubstancial da túa profesión. Ademais, a túa colaboración docente fará que te convertas en mellor profesional.

Por último, nunca esquezas que nos nosos Centros atendemos persoas. Se se pode, para curalas e se non se pode, para axudalas. Seguro que o teu tempo e as túas palabras axudaranlles tanto ou máis que os tratamentos máis modernos e terán para elas unha

significación para toda a súa vida moito maior da que te poidas imaxinar. Un/unha profesional excelente é aquel/a que pon o mellor de si mesmo en cada pequena cousa, por encima da rutina. Os/as pacientes merecen a nosa máxima consideración, que empeza por preservar a súa autonomía de decisión e manter con eles/as os principios de xustiza distributiva, de beneficencia e de non-maleficencia, que non é o último senón o primeiro: *non facer dano*.

Reiterámosche a benvinda e os mellores desexos para estes anos. Seguramente será unha época transcendental na túa vida, única e irrepetible, na que te sucederán multitude de cousas novas. Tes todo na túa man para ser un/unha gran especialista. Probablemente farás amizades que o serán para toda a vida. Ao marxe da medicina, a cidade de Vigo ofrécete toda a súa historia e oferta cultural. Estamos orgullosos/as de recibirte nesta organización, da que xa formas parte.

Francisco Javier Puente Prieto
Xerente da Área Sanitaria de Vigo

PRESENTACIÓN “ÁREA SANITARIA DE VIGO”

A Área sanitaria de Vigo se regula polo Decreto 134/2019, de 10 de outubro.

A creación desta estrutura supón a integración de todos os Centros de Atención Hospitalaria (Complexo Hospitalario Universitario de Vigo – CHUVI) e Atención Primaria, pasando a depender dunha Xerencia única.



ATENCIÓN HOSPITALARIA (CHUVI)

Hospital Álvaro Cunqueiro
Hospital do Meixoeiro
Hospital Nicolás Peña


Centro Integral de Saúde Taboada Leal

ATENCIÓN PRIMARIA

Comprende todos os centros de saúde, consultorios e puntos de atención continuada (PACS) ubicados nos concellos da Área Sanitaria de Vigo.



ÁREA SANITARIA DE VIGO	
Grupos idade	Poboación
0-14 anos	71.986
15-64 anos	368.970
≥ 65 anos	123.808
Total	564.764



Organigrama

XERENCIA ÁREA SANITARIA DE VIGO	
XERENTE	FRANCISCO JAVIER PUENTE PRIETO
DIRECTORA A SISTENCIAL	SUSANA CERQUEIRO GÓMEZ
DIRECTOR DE PROCESOS DE SOPORTE	IVÁN SANZ FALQUÉ
SUBDIRECTORA DE PRESTACIÓN FARMACÉUTICA	ISABEL REY GÓMEZ SERRANILLOS
SUBDIRECTORA/A DE CALIDADE ASISTENCIAL	
DIRECTORA DE ATENCIÓN PRIMARIA	REYES DÍAZ LAMBARRI
SUBDIRECTOR MÉDICO DE ATENCIÓN Á CRONICIDADE	ROBERTO DEVESA GONZÁLEZ
DIRECTORA/A DE ATENCIÓN HOSPITALARIA	
SUBDIRECTOR PROGRAMACIÓN CIRÚRXICA	UBALDO ÁLVAREZ TORRE
SUBDIRECTOR/A HOSPITALIZACIÓN E URXENCIAS	
DIRECTORA DE ENFERMARÍA	PILAR REZA CASTIÑEIRAS
SUBDIRECTOR DE ENFERMARÍA	XOÁN XOSÉ HERMELO MILLÁN
SUBDIRECTORA DE ENFERMARÍA	MAR DE LA PEÑA CRISTIÁ
SUBDIRECTORA DE ENFERMARÍA	DOLORES MUIÑOS PÉREZ
SUBDIRECTORA DE ENFERMARÍA	BEATRIZ FERNÁNDEZ GARCÍA
DIRECTORA DE RECURSOS ECONÓMICOS	PILAR RIBEIRO MARTÍNEZ
SUBDIRECTOR ÁREA DE RR.EE.	ERNESTO TAPIA GARCÍA
SUBDIRECTOR ÁREA DE RR.EE.	FÉLIX LEOPOLDO PÉREZ FERNÁNDEZ
SUBDIRECTOR ÁREA DE RR.EE.	MANUEL FERNÁNDEZ JAUREGUI
DIRECTORA DE RECURSOS HUMANOS	MARÍA COBAS BREY
SUBDIRECTORA ÁREA DE RR.HH.	MARÍA BELÉN BALTAR TRABAZO
SUBDIRECTOR DE SISTEMAS E TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN	RODRIGO VARELA GESTOSO
SUBDIRECTOR DE HUMANIZACIÓN E ATENCIÓN Á CIDADANÍA	JOSÉ A. FERNÁNDEZ LÓPEZ-ABAD
COORDINADOR SERVIZO DE ADMISIÓN	JOSÉ ÁNGEL OTERO VARELA

Prazas acreditadas e ofertadas para o ano 2021



CHUVI – ÁREA SANITARIA DE VIGO

ESPECIALIDADE	PRAZAS ACREDITADAS	OFERTA					
		MED	FAR	QUI	PSIC	FIS	ENF
Análises Clínicos	2	1					
Anatomía Patolóxica	2	2					
Anestesioloxía e Reanimación	4	4					
Anxioloxía e Cirurxía Vascular	1	1					
Aparello Dixestivo	1	1					
Cardioloxía	3	3					
Cirurxía Cardiovascular	1	1					
Cirurxía Xeral e do Aparello Dixestivo	2	2					
Cirurxía Ortopédica e Traumatoloxía	3	2					
Cirurxía Torácica	1	1					
Endocrinoloxía e nutrición	1	1					
Farmacía Hospitalaria	2		1				
Xeriatría	2	1					
Hematoloxía e Hemoterapia	1	1					
Medicina Física e Rehabilitación	1	1					
Medicina Intensiva	1	1					
Medicina Interna	3	3					
Medicina Nuclear	1						
Microbioloxía e Parasitoloxía	1	1					
Nefroloxía	1	1					
Pneumoloxía	2	1					
Neurocirurxía	1	1					
Neurofisioloxía Clínica	1						
Neuroloxía	2	1					
Obstetricia e Xinecoloxía	3	2					
Oftalmoloxía	4	1					
Oncoloxía Médica	1	1					
Oncoloxía Radioterápica	2	1					
Otorrinolaringoloxía	2	1					
Pediatría e as súas Áreas específicas	7	7					
Enfermería Pediátrica	4						4
Psicoloxía Clínica	2				1		
Psiquiatría	3	3					
Enfermería de Saúde Mental	2						2
Radiodiagnóstico	4	3					
Radiofísica Hospitalaria	1					1	
Reumatoloxía	1	1					
Uroloxía	1	1					
TOTAL	77				62		



UNIDADE DOCENTE DE MEDICINA DO TRABALLO DA COMUNIDAD AUTÓNOMA DE GALICIA

ESPECIALIDADE	PRAZAS ACREDITADAS	OFERTA
Medicina do Traballo C.H. Universitario de A Coruña C.H. Universitario de Ourense C. H. Universitario de Santiago C. H. Universitario de Vigo	9	2
TOTAL	9	2

**UNIDADE DOCENTE DE ENFERMARÍA OBSTÉTRICO-XINECOLÓXICA SERVIZO GALEGO DE SAÚDE.
CHUVI- EOXI VIGO**

ESPECIALIDADE	PRAZAS ACREDITADAS	OFERTA
Enfermaría Obstétrico-Xinecolóxica	5	4
TOTAL	5	4

Directorio de Servizos / Unidades por Centros




Directorio de Servizos / Unidades por Centros


Hospital Álvaro Cunqueiro

Para que poidades orientarvos podedes descargar, a través dos dispositivos móbiles, unha aplicación gratuita denominada **SIGUE** (Sistema intelixente de xeolocalización de usuarios en edificios). Está dispoñible en “App Store de Apple” y en “Google Play” e funciona como un sistema GPS, pero dentro do edificio, tendo unha marxe de erro inferior a un metro.


Ao baixarse a aplicación é necesario identificarse, introducindo o número de tarxeta sanitaria da Seguridade Social e un contacto.




O Hospital Álvaro Cunqueiro consta de 7 andares:




ANDAR 0




ANDAR 1




ANDAR 2



ANDAR 3



ANDAR 4



Hospital Meixoeiro



Consta de catro edificios, tres anexos e dúas naves:

Edificio principal	Ten 7 andares alén do baixo e dos sotos onde se atopan os servizos de hospitalización.
Segundo edificio	Bloque Cirúrxico (Cirurxía sen ingreso ou de curta estada) Central de esterilización
Terceiro edificio	Consta de 2 andares, un baixo e un soto nos que se atopan: Servizo de Admisión Consultas externas Radioloxía Rehabilitación Unidade de patoloxía de mama Vestiaros
Cuarto edificio	Biblioteca Cafetería
Anexo 1	Salón de actos Escola universitaria de enfermaría
Anexo 2	Instalacións de alta tecnoloxía dos Servizos de oncoloxía, radioterápica, braquiterapia.
Anexo 3	Consultas externas e probas especiais
Nave industrial	Aloxa as instalacións de lavandería e as salas de instalacións industriais.
Nave de Servizos	Talleres de mantemento, almacén temporal de residuos e o almacén de lavandaría.

Hospital Nicolás Peña



Dedicado aos pacientes crónicos de psiquiatría e unha parte da atención ambulatoria psiquiátrica (Hospital de Día e Unidade de Continuidade de Coidados).

Servizos en exclusiva: Rehabilitación Psiquiátrica, Unidade de Tuberculose e Unidade do Centro de Transfusión de Galicia, Unidade de Saúde Mental, Unidade de Psicoxeriatria e Fisioterapia.

CIS Taboada Leal



Combina servizos ambulatorios de atención primaria e hospitalaria.

Servizos instalados: Urgencias Extrahospitalarias (PAC de Vigo), Centro de Saúde, Unidade de Reprodución Asistida, Unidade de Saúde Mental (USM), Unidade de Fisioterapia e Radioloxía convencional.

Trámites administrativos á incorporación ao Hospital



Trámites administrativos á incorporación ao Hospital

Unha vez que tomades posesión da praza de residente, dentro do prazo establecido na adxudicación, deberedes presentarvos na secretaría da Comisión de Docencia para iniciar o voso expediente e alí recibiredes o calendario e as indicacións precisas que vos facilitarán a vosa incorporación tanto ao Hospital como á unidade docente correspondente. Para a apertura do expediente formativo deberedes entregar unha fotografía tamaño carné e cubrir unha ficha cos datos persoais.

Previo a sinatura do contrato, deberedes achegar á **oficina de Recursos Humanos – Punto de atención o traballador (PAT)** a seguinte documentación:

- ✓ Copia compulsada do título.
- ✓ Fotocopia DNI.
- ✓ Fotocopia Seguridade Social.
- ✓ 1 Fotografía.
- ✓ Número de conta bancaria.
- ✓ De selo caso, número de colexiado (xustificante): solicitarase no Colexio Médico. Rúa Ecuador 84 baixo. Vigo. Teléfono: 986271400 / 986276566.
- ✓ Resgardo orixinal de adxudicación da praza asinada.
- ✓ Certificación negativa do Rexistro de Delincuencia sexual contra menores.

**PUNTO DE ATENCIÓN AO
TRABALLADOR (Punto *i*/PAT)**

HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO Localización: Planta 0 – Vela F Teléfono: 514157 / 158	HOSPITAL DO MEIXOEIRO Localización: Planta 0 – Edif. principal Teléfono: 211119	GARCÍA BARBÓN Localización: Planta Baixa Teléfono: 986814118 Ext.: 214118
---	--	--

PUNTO DE ACREDITACIÓN ELECTRÓNICA (PAE)

Para a solicitude, mediante cita previa, do certificado dixital ou a tarxeta sanitaria con certificado dixital, se procede.

HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO

Localización: Planta 0 – Vela F
Teléfono: 515252

HOSPITAL DO MEIXOEIRO

Localización: Planta 0 – Edif. principal
Teléfono: 211582

GARCÍA BARBÓN

Localización: Planta Baixa
Teléfono: 986814289 | Ext.: 214289

OBTENCIÓN CERTIFICADO DIXITAL

É preciso pedir cita previa no PAE e aportar a seguinte documentación:

DNI

Soporte físico (pen ou CD) para a grabación do certificado dixital.

Correo electrónico activo.

(Se xa dispón de certificado dixital non é preciso pedir cita.*

Solicitar cita para o recoñecemento médico na Unidade de Prevención de Riscos Laborais (UPRL)

UNIDADE DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS (UPRL)

Para a vixilancia da saúde do/da traballador/a e en caso de accidente laboral.

HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO

Localización: Planta -1 – Bloque ambulatorio
Teléfono: 514500

HOSPITAL DO MEIXOEIRO

Localización: Planta 2 – Edificio principal
Teléfono: 211761

Unha vez realizado o trámite de incorporación deberedes acudir ao Servizo de Informática para que vos faciliten os permisos de usuario/a do sistema, que inclúe o uso do correo electrónico do Servizo Galego de Saúde e o acceso as aplicacións corporativas na intranet que correspondan á vosa especialidade, como é o caso do lanus.

Outras Unidades ou Servizos de interese





CENTRALIÑA
986 811 111-211

Chamada desde o exterior ao Hospital Álvaro Cunqueiro:

- a unha extensión 514 ABC ► Marcar 986 825 ABC
- a unha extensión 515 ABC ► Marcar 986 217 ABC

LENCERÍA

Para a obtención do uniforme e o calzado axeitado para o desenvolvemento do seu traballo.

H. ÁLVARO-CUNQUEIRO

Localización e teléfono:

- Planta -2 (F) / 515899
- Planta -1 (A) / 515996

Vestuarios

- Planta -1 (Lámina)
- Planta 2 (Bloque técnico)

HOSPITAL DO MEIXOEIRO

Localización: Planta -1

Vestuarios: Planta -1

APARCADOIRO

O Hospital Álvaro Cunqueiro dispón de aparcadoiro gratuito e específico para o persoal. Para acceder ao mesmo é preciso dispoñer dunha tarxeta que se solicita nas oficinas situadas na planta -2 do aparcamento de público. Para a obtención da tarxeta hai que cumprimentar o formulario e acompañalo da fotocopia do DNI e da tarxeta identificativa de persoal.

Tamén existe a opción de utilizar o aparcadoiro de pago, adquirindo o bono mensual de 30€.

O Hospital Meixoeiro dispón de aparcadoiro público.

SERVIZO DE TRANSPORTE INTERCENTROS

Durante a xornada de mañá o persoal do CHUVI dispón dun servizo gratuito de autobús para facilitar os desprazamentos entre os hospitais Álvaro Cunqueiro, Meixoeiro e Nicolás Peña.

A parada do autobús intercentros está establecida nos seguintes puntos:

- H. Alvaro Cunqueiro → entrada de consultas (marquesina da parada de autobuses)
- H. Meixoeiro → entrada principal (marquesina da parada de autobuses)
- H. Nicolás Peña → entrada principal (acceso por Camelias)

TABOA DE HORARIOS

	SAÍDA	HORA	DESTINO
TRANSPORTE DE PERSOAL INTERCENTROS <i>Horario vixente a partir do 01/10/15</i>	A. CUNQUEIRO	08:00	MEIXOEIRO
	MEIXOEIRO	08:15	N. PEÑA
	N. PEÑA	08:40	A. CUNQUEIRO
	A. CUNQUEIRO	09:00	MEIXOEIRO
	MEIXOEIRO	09:15	A. CUNQUEIRO
	A. CUNQUEIRO	09:30	MEIXOEIRO
	MEIXOEIRO	09:45	A. CUNQUEIRO
	A. CUNQUEIRO	10:00	MEIXOEIRO
	MEIXOEIRO	10:15	A. CUNQUEIRO
	A. CUNQUEIRO	10:30	MEIXOEIRO
	MEIXOEIRO	10:45	N. PEÑA
	N. PEÑA	11:10	A. CUNQUEIRO
11:30 → 12:15 DESCANSO SERVIZO			
SERVIZO GALEGO de SAÚDE Xerencia de Xestión Integrada de Vigo	A. CUNQUEIRO	12:15	MEIXOEIRO
	MEIXOEIRO	12:30	A. CUNQUEIRO
	A. CUNQUEIRO	12:45	MEIXOEIRO
	MEIXOEIRO	13:00	A. CUNQUEIRO
	A. CUNQUEIRO	13:15	MEIXOEIRO
	MEIXOEIRO	13:30	A. CUNQUEIRO
	A. CUNQUEIRO	13:45	MEIXOEIRO
	MEIXOEIRO	14:00	N. PEÑA
	N. PEÑA	14:25	A. CUNQUEIRO
	A. CUNQUEIRO	14:45	MEIXOEIRO
15:00 FINAL SERVIZO			

O/A residente no Hospital



O/A residente no Hospital

A historia da formación do persoal residente en formación no Complexo Hospitalario de Vigo data de 1975 no que era a Residencia Sanitaria “Almirante Vierna”, o actual Hospital Xeral – Cíes. Así e todo, en Vigo, e en toda España, a primeira promoción MIR oficial (con superación do exame MIR) comezou a súa andadura no ano 1978. Desde entón o número de especialidades e de profesionais residentes aumentou paulatinamente nos Centros do Complexo.

Os/as residentes do Complexo comenzaredes a vosa andadura cun acto oficial de benvinda no que participan a dirección e o xefe de estudos, coa asistencia dos/as xefes de servizo e títos.

Dedicación formativa:

Dispoñeredes dun tempo axeitado para a vosa formación nos ámbitos da asistencia, a docencia e a investigación. É fundamental que alcancedes os obxectivos contemplados no programa da especialidade relativos á formación asistencial.

O obxectivo da formación especializada en consonancia coas tendencias actuais da práctica clínica, persegue a aplicación dunha metodoloxía docente que consiga a aprendizaxe efectiva do/a residente centrando o proceso de ensino en quen aprende.

Plan transversal de formación

É o conxunto de actividades formativas do centro docente hospitalario dirixidas aos/as residentes que inclúe contidos docentes comúns a todas as especialidades e de carácter transversal á formación de especialistas en Ciencias da Saúde.

O Plan transversal é común para os/as residentes de todo o Complexo. Está composto por distintos cursos ou talleres que serán obrigatorios ou optativos dependendo da especialidade e do ano de residencia. Son programados pola Comisión de Docencia ao longo do ano e os/as residentes son informados por correo electrónico.

O primeiro mes de residencia realizaranse varios cursos básicos dirixidos á maioría das especialidades (Plan transversal de incorporación).

O/a residente informarase na Comisión de Docencia ou polo seu *titor* de cales son os cursos aos que obrigatoriamente debe asistir.

Programas de formación:

As unidades docentes elaboran unha programación específica adaptada ás características concretas do hospital, no que se determinan os obxectivos para cumprir en cada etapa da residencia. Dentro deste programa establécense as rotacións por diversos Servizos que deberán efectuarse durante os distintos anos da especialidade.

Sesións xerais do Hospital:

É unha actividade básica para calquera centro docente e son obrigatorias para todos/as os/as residentes. A normativa actual esixe o control da asistencia. Realízanse, como normal xeral, no salón de actos do Hospital Álvaro Cunqueiro.

Sesións de Servizo:

Son programadas por cada unidade docente.

Acceso á historia clínica:

Os/as residentes en formación de calquera ano, por ser persoal asistencial traballador do Centro, teñen dereito a acceder á historia clínica dos/as pacientes implicados/as nas actuacións asistenciais que realicen en cada momento.

Deberán asinar un compromiso de confidencialidade no momento da súa incorporación nas oficinas de Recursos Humanos.

Organización da formación especializada



Organización da formación especializada

Órganos colexiados de participación e Comités técnicos sanitarios:

Segundo o Decreto 97/2001, de 22 de marzo, (DOG 15 de maio de 2001) de regulación básica dos órganos da dirección, asesoramento, calidade e participación das institucións hospitalarias do Servizo Galego de Saúde, son órganos colexiados de participación:

- ❑ A Comisión asistencial.
- ❑ A Comisión de participación cidadá dos usuarios.
- ❑ Comité de seguridade e saúde laboral.

O Centro ademais conta cos seguintes comités técnicos sanitarios:

- ➔ Comité de ética asistencial da EOXI de Vigo.
- ➔ Comité de Farmacia.
- ➔ Comité de infeccións e política antimicrobiana.
- ➔ Comité de planificación e coidados de enfermaría.
- ➔ Comité de transfusións.

Comisión de Docencia

A constitución da Comisión de Docencia é obrigatoria en cada hospital acreditado para a formación en especialidades médicas ou farmacéuticas, correspondéndolle as seguintes **funcións** definidas no REAL DECRETO 183/2008, de 8 de febreiro polo que se determinan e clasifican especialidades en Ciencias da Saúde e se desenvolven determinados aspectos do sistema de formación sanitaria especializada e na ORDEN SCO/581/2008, de 22 de febreiro, pola que se publica o Acordo da Comisión Nacional de Recursos Humanos do Sistema Nacional da Saúde, polo que se fixan os criterios xerais relativos á composición e funcións das comisións de docencia, a figura do xefe de estudos de formación especializada e o nomeamento do titor:

- 1.- Aprobado a proposta dos correspondentes titores, unha guía ou itinerario formativo tipo de cada unha das especialidades que se formen no seu ámbito.
- 2.- Garantir que cada un/unha dos residentes das especialidades que se formen no seu centro ou unidade, contén co correspondente plan individual de formación, verificando en colaboración cos titores da especialidade que se trate, a súa adecuación a guía formativa ou itinerario tipo antes citado.
- 3.- Aprobado o plan de xestión de calidade docente do centro ou unidade docente.
- 4.- Elaborado o protocolo de supervisión dos/as residentes.
- 5.- Facilitado a adecuada coordinación docente entre niveis asistenciais.
- 6.- Propoñer aos órganos competentes na materia a realización de auditorías docentes.
- 7.- Aprobado e fomentar a participación dos/as residentes en cursos, congresos, seminarios ou reunións científicas.
- 8.- Facilitado a formación continuada de titores en metodoloxías docentes e outros aspectos relacionados cos programas formativos.
- 9.- Informado, anualmente, aos correspondentes órganos de dirección sobre a capacidade docente do Centro.

10.- Remitir ao Rexistro Nacional de Especialistas en Formación, a través do presidente, as avaliacións finais e anuais, así como os resultados das revisións e os períodos de recuperación, segundo os termos da normativa vixente. As Comisións de Docencia notificaranlle ao Rexistro Nacional de Especialistas en Formación as excedencias e demais situacións que repercutan na duración do período formativo, segundo as instrucións que dite o mencionado rexistro.

11.- Comunicar por escrito aos/ás residentes a zona onde se atopará o taboleiro oficial de anuncios da Comisión de Docencia, no que se incluírán avisos ou resolucións da mesma.

12.- Procurar que nos dispositivos do centro ou unidade se dean as condicións necesarias para impartir unha adecuada formación aos/as residentes, así como levar a cabo unha avaliación formativa das actividades dos/das mesmos/as, procedendo á revisión das avaliacións anuais nos termos previstos na lexislación vixente.

13.- Procurar que os dispositivos de carácter universitario que se integren no centro ou unidade docente, exista unha adecuada coordinación entre as ensinanzas universitarias de grao e posgrao e a formación en ciencias da saúde.

14.- Propoñer aos correspondentes órganos de dirección que adopten as medidas necesarias para que se dote as comisións de docencia e aos titores dos medios materiais e persoais que sexan necesarios para a adecuada realización das súas funcións.

15.- Cantas outras funcións lle asigne a Comunidade Autónoma o lles atribúan as disposicións reguladoras da Formación Sanitaria Especializada.

Dende a Comisión de Docencia ofrecemos:

- 1.- Tradución de artigos ao inglés para publicacións nas que o/a residente é o primeiro asinante.
- 2.- Xestionamos o financiamento de pósters para congresos.
- 3.- Titorías para a realización dun proxecto de investigación.

Composición da Comisión de Docencia do CHUVI – EOXI VIGO

A Comisión de Docencia está formada polo/a presidente/a, o/a vicepresidente/a, o/a secretario/a e 18 vogais. A Presidencia da Comisión de Docencia correspóndelle ao xefe de estudos do Hospital.

Eduardo Murias Taboada. **Presidente**

Noemí González Conde. **Secretaria**

VOGAIS

- **DIRECTORA ASISTENCIAL DA ÁREA SANITARIA DE VIGO**
Susana Cerqueiro Gómez
- **XEFA DE ESTUDOS UNIDADE DOCENTE MULTIPROFESIONAL DE MEDICINA FAMILIAR E COMUNITARIA**
María Victoria Martín Miguel.
- **XEFA DE ESTUDOS UNIDADE DOCENTE MEDICINA DO TRABALLO DE GALICIA**
Isabel Taboada de Zúñiga Romero.
- **PRESIDENTA SUBCOMISIÓN DOCENCIA ENFERMERÍA**
Laura Moure Fernández.
- **TITORES**
Emilio Couceiro Naveira. Obstetricia e Xinecoloxía.
Juan Luis Fernández Hierro. Psiquiatría.
José Ignacio García Burriel. Pediatría e Áreas Específicas.
Silvia Ramos García. Enfermería de Saúde Mental.
M.^a José Rodríguez Fernández. Medicina Intensiva.
Carlos Manuel Rodríguez Paz. Radiodiagnóstico.
Jorge Vidal Rey. Anxioloxía e Cirurxía Vascular.
- **RESIDENTES**
María Borja Cano. Medicina Familiar e Comunitaria
María Cespón Fernández. Cardioloxía.
Clara Fernández Martínez. EIR Saúde Mental.
Laura Santana Amatriaín. Obstetricia e Xinecoloxía.
Beatriz Soria Soriano. Neurofisioloxía
Amer Souki. Otorrinolaringoloxía

Composición da Subcomisión de Docencia de Enfermería do CHUVI – EOXI VIGO

Laura Moure Fernández. **Presidenta da Subcomisión de Docencia de Enfermería**

Noemí González Conde. **Secretaria**

VOGAIS

- **PRESIDENTE DA COMISIÓN DE DOCENCIA DO CHUVI**
Eduardo Murias Taboada.
- **SUBDIRECTORA DE PROCESOS DE ENFERMERÍA**
Dolores Muiños Pérez.
- **PRESIDENTA SUBCOMISIÓN DE ENFERMARÍA DE FAMILIA E COMUNITARIA**
Clara González Formoso.
- **TITORES**
Rosa María Cogolludo Fernández. Titora EIR Obstétrico-Xinecolóxica.
Ana Novoa López. Titora EIR Pediatría.
Silvia Ramos García. Titora EIR Saúde Mental.
- **RESIDENTES**
Miguel Ángel López Sánchez. EIR Familia e Comunitaria
Andrea Estévez Álvarez. EIR Obstétrico-Xinecolóxica
Rosa Ángela Pazos Espinola. EIR Pediatría
Clara Fernández Martínez. EIR Saúde Mental

TITORES MIR		C.H. UNIVERSITARIO DE VIGO – EOXI VIGO	
Análises Clínicas	M.ª Covadonga Fernández Marcos	Covadonga.Fernandez.Marcos@sergas.es	
Anatomía Patolóxica	Rebeca Fernández Victoria	Rebeca.Fernandez.Victoria@sergas.es	
	María Begoña Iglesias Rodríguez	Maria.Begona.Iglesias.Rodriguez@sergas.es	
Anestesioloxía y Reanimación	Gustavo Illodo Miramontes	Gustavo.Illodo.Miramontes@sergas.es	
	Pilar Aguirre Puig	Pilar.Aguirre.Puig@sergas.es	
	María Constantina Doniz Campos	Maria.Constantina.Doniz.Campos@sergas.es	
	Denis Pereira Matalobos	Denis.Pereira.Matalobos@sergas.es	
Anxioloxía e Cirurxía Vascular	Jorge Vidal Rey	Jorge.Vidal.Rey@sergas.es	
Aparello Dixestivo	Alfonso Martínez Turnes	Alfonso.Martínez.Turnes@sergas.es	
	Ignacio Martín-Granizo Barrenechea	Ignacio.Martin-granizo.Barrenechea.es	
Cardioloxía	Pilar Cabanas Grandío	Maria.Pilar.Cabanas.Grandio@sergas.es	
	Sergio Raposeiras Roubín	Sergio.Raposeiras.Roubin@sergas.es	
Cirurxía Cardíaca	Julio César Lugo Adán	Julio.Cesar.Lugo.Adan@sergas.es	
Cirurxía Xeral e dol Aparello Dixestivo	Patricia Jove Albores	Patricia.Jove.Álvores@sergas.es	
	Isabel Otero Martínez	Isabel.Otero.Martínez@sergas.es	
	Vicenzo Vigorita	Vicenzo.Vigorita@sergas.es	
Cirurxía Ortopédica e Traumatoloxía	Daniel Fernández Fernández	Docencia.COT.Vigo@sergas.es	
	José Antonio López López	Docencia.COT.Vigo@sergas.es	
	Carlos Pernal Durán	Docencia.COT.Vigo@sergas.es	
	Íñigo Uriarte Hernández	Docencia.COT.Vigo@sergas.es	
	Tomás Quinteiro Antolín	Docencia.COT.Vigo@sergas.es	
Cirurxía Torácica	Montserrat Blanco Ramos	Montserrat.Blanco.Ramos@sergas.es	
Endocrinoloxía e Nutrición	Manuel Avelino Penín Álvarez	Manuel.Avelino.Penin.Alvarez@sergas.es	
Farmacia Hospitalaria	Ana María Regueira Arcay	Ana.Maria.Regueira.Arcay@sergas.es	
	Marisol Samartín Ucha	Marisol.Samartin.Ucha@sergas.es	
Xeriatria	Daniel Pérez Soto	Daniel.Perez.Soto@sergas.es	
Hematoloxía e hemoterapia	Sandra Suárez Ordoñez	Sandra.Suarez.Ordonez@sergas.es	
Medicina Física e Rehabilitación	Manuela Barrio Alonso	Manuela.Barrio.Alonso@sergas.es	
Medicina Intensiva	Eva Menor Fernández	Eva.Maria.Menor.Fernandez@sergas.es	
	Juan Ignacio Chico Carballas	Juan.Ignacio.Chico.Carballas@sergas.es	
	María José Rodríguez Fernández	Maria.Jose.Rodriguez.Fernandez@sergas.es	
Medicina Interna	Ana Belén Argibay Filgueira	Ana.Belen.Argibay.Filgueira@sergas.es	
	Rebeca Longueira Suárez	Maria.Rebeca.Longueira.Suarez@sergas.es	
	Silvia Pérez Fernández	Silvia.Perez.Fernandez@sergas.es	
Microbioloxía	Benito José Regueiro García	Benito.Jose.Regueiro.Garcia@sergas.es	

TITORES MIR C.H. UNIVERSITARIO DE VIGO – EOXI VIGO		
Medicina Nuclear	Francisco Javier Loira Bamio	Francisco.Javier.Loira.Bamio@sergas.es
Nefroloxía	Argimiro Gándara Martínez	Argimiro.Gandara.Martinez@sergas.es
Pneumoloxía	Carlos Vilarinho Pombo	Carlos.Vilarino.Pombo@sergas.es
Neurocirurxía	Adolfo de la Lama Zaragoza	Adolfo.Ramon.De.La.Lama.Zaragoza@sergas.es
Neurofisioloxía	Iria Lagoa Labrador	Iria.Lagoa.Labrador@sergas.es
Neuroloxía	María José Moreno Carretero	Maria.Jose.Moreno.Carretero@sergas.es
	María Dolores Castro Vilanova	Maria.Dolores.Castro.Vilanova@sergas.es
Obstetricia e Xinecoloxía	Carlos López Ramón y Cajal	Carlos.Lopez.Ramon.y.Cajal@sergas.es
	Emilio Couceiro Naveira	Emilio.Couceiro.Naveira@sergas.es
	Roberto González Boubeta	Roberto.Gonzalez.Boubeta@sergas.es
	Eva Carballo Álvarez	Eva.Carballo.Alvarez@sergas.es
	Gloria Cordeiro Vidal	Gloria.Cordeiro.Vidal@sergas.es
	Paula María González Gil	Paula.Maria.Gonzalez.Gil@sergas.es
Oftalmoloxía	Sara Catalán López	Sara.Catalan.Lopez@sergas.es
	María Varela Agra	Maria.Varela.Agra@sergas.es
	Francisco Ramón Santamaría	Francisco.Ramon.Santamaria@sergas.es
Oncoloxía Médica	Ana Alonso Herrero	Ana.Alonso.Herrero@sergas.es
	Isaura Fernández Pérez	Isaura.Fernandez.Perez@sergas.es
Oncoloxía Radioterápica	Virginia Ochagavia Galilea	Virginia.Ochagavia.Galilea@sergas.es
Otorrinolaringoloxía	Pilar Castro Ruíz	Pilar.Castro.Ruiz@sergas.es
Pediatria e as súas Áreas específicas	José Ignacio García Burriel	Jose.Ignacio.Garcia.Burriel@sergas.es
	María del Mar Portugués de la Red	Maria.Del.Mar.Portugues.De.La.Red@sergas.es
	Lourdes Rey Cordo	Carmen.Lourdes.Rey.Cordo@sergas.es
	Ana I. Villares Porto-Domínguez	Analsabel.Villares.Porto-Dominguez@sergas.es
Psicoloxía Clínica	María José Veiga Candán	Maria.Jose.Veiga.Candan@sergas.es
Psiquiatría	Juan Luis Fernández Hierro	Juan.Luis.Fernandez.Hierro@sergas.es
	María Elena de las Heras Liñero	Maria.Elena.De.Las.Heras.Linero@sergas.es
	María Álvarez Ariza	Maria.Alvarez.Ariza@sergas.es
Radiodiagnóstico	Patricia Blanco Lobato	Patricia.Blanco.Lobato@sergas.es
	Paula Rodríguez Fernández	Paula.Rodriguez.Fernandez@sergas.es
	Carlos Manuel Rodríguez Paz	Carlos.Manuel.Rodriguez.Paz@sergas.es
	Vanesa Taboada Rodríguez	Vanesa.Taboada.Rodriguez@sergas.es
Radiofísica Hospitalaria	Julio Vázquez Rodríguez	Julio.Vazquez.Rodriguez@sergas.es
	Antonio López Medina	Antonio.Lopez.Medina@sergas.es
Reumatoloxía	Rafael Benito Melero González	Rafael.Benito.Melero.Gonzalez@sergas.es
Uroloxía	José Manuel Barros Rodríguez	Jose.Manuel.Barros.Rodriguez@sergas.es
Urxencias	Raquel Rodríguez Calveiro	Raquel.Rodriguez.Calveiro@sergas.es
	Miguel Vilar Pérez	Miguel.Vilar.Perez@sergas.

TITORES EIR		C.H. UNIVERSITARIO DE VIGO – EOXI VIGO	
Enfermería Obstétrico- Xinecolóxica	Betty Fernández Arias	Betty.Fernandez.Arias@sergas.es	
	Cristina Pereira Álvarez	Cristina.Pereira.Alvarez@sergas.es	
	Cristina Valiñas Prieto	Cristina.Valinas.Prieto@sergas.es	
	Mónica Cajide Francisco	Monica.Cajide.Francisco@sergas.es	
Enfermería Pediátrica	María Teresa García Vázquez	Maria.Teresa.Garcia.Vazquez@sergas.es	
	María Mercedes González Gil	Maria.Mercedes.Gonzalez.Gil@sergas.es	
	Pilar Lugo Ramos	Maria.Del.Pilar.Lugo.Ramos@sergas.es	
	Ana Isabel Novoa López	Ana.Novoa.Lopez@sergas.es	
	María Aurora Vasconcellos Pereira	Maria.Aurora.Vasconcellos.Pereira@sergas.es	
Enfermería de Saúde Mental	Silvia Ramos García	Silvia.Ramos.Garcia@sergas.es	

As principais funcións dos titores recollidas no REAL DECRETO 183/2008, de 8 de febreiro, polo que se determinan e clasifican especialidades en Ciencias da Saúde e se desenvolven determinados aspectos do sistema de formación sanitaria especializada son as seguintes:

- ✓ Planificar, xestionar, supervisar e avaliar todo o proceso de formación, propoñendo, cando proceda, medidas de mellora na impartición do programa e favorecendo o autoaprendizaxe, a asunción progresiva de responsabilidade e a capacidade investigadora do/a residente.
- ✓ Os titores de cada especialidade propoñerán a guía ou itinerario formativo tipo da mesma, que aprobará a Comisión de Docencia con suxeición as previsións do programa correspondente.

Xefes/as de Servizo:

A Comisión de Docencia estenderá as súas competencias a todos os servizos asistenciais do hospital que impartan formación especializada para licenciados/as, e relacionarase cos órganos de dirección do centro a través da dirección correspondente.

Ditas competencias corresponderanlle ao/á xefe/a de servizo da especialidade acreditada que, en todo caso, se rexerán pola filosofía de unificación da xestión de centros baixo a figura de Complexo Hospitalario.

XEFES DESERVIZO	ÁREA SANITARIA DE VIGO
Análises Clínicas	José A. Fernández Nogueira
Admisión e documentación clínica	José Otero Varela
Alergoloxía	María Carmen Marcos Bravo
Anatomía Patolóxica	Joaquín González-Carreró Fojón
Anestesioloxía e Reanimación	Gerardo Baños Rodríguez
Anxioloxía e Cirurxía Vascular	José Manuel Encisa de Sa
Aparello Dixestivo	José Ignacio Rodríguez Prada
Cardioloxía	Andrés Iñiguez Romo
Cirurxía Cardíaca	Juan José Legarra Calderón
Cirurxía Xeral e do Aparello Dixestivo	Raquel Sánchez Santos
Cirurxía Ortopédica e Traumatoloxía	Roberto Casal Moro
Cirurxía Pediátrica	Margarita Montero Sánchez
Cirurxía Plástica	Bruno Gago Vidal
Cirurxía Torácica	Eva García Fontán
Control de Xestión	Alberto González-Carreró López
Dermatoloxía	Ánder Zulaica Garate
Endocrinoloxía e Nutrición	Eduardo Pena González
Farmacia Hospitalaria	M. ^a Guadalupe Piñeiro Corrales
HADO	Luis Amador Barciela
Xeriatría	Carlos Rodríguez Pascual
Hematoloxía e hemoterapia	M. ^a Carmen Albo López
Medicina Física e Rehabilitación	Francisco Javier Juan García
Medicina Intensiva	Dolores Vila Fernández
Medicina Interna	Manuel Crespo Casal
Medicina Nuclear	Ramón Guitián Iglesias
Medicina Preventiva	Víctor del Campo Pérez
Microbioloxía	Benito Regueiro García
Nefroloxía	José María Lamas Barreiro
Neumoloxía	J. Alberto Fernández Villar
Neurocirurxía	Cesáreo Conde Alonso
Neurofisioloxía	Sonia Fernández Gil
Neuroloxía	Jesús Romero López
Obstetricia e Xinecoloxía	Carlos López Ramón y Cajal
Oftalmoloxía	Luis Cadarso Suárez
Oncoloxía Médica	Joaquín Casal Rubio
Oncoloxía Radioterápica	Víctor Muñoz Garzón
Otorrinolaringoloxía	Carmelo Santidrián Hidalgo
Pediatría e as sus áreas específicas	Ana Concheiro Guisán
Psiquiatría	José M. Olivares Díez
Radiodiagnóstico	Juan Vieito Fuentes



JEFES DE SERVICIO	ÁREA SANITARIA DE VIGO
Radiofísica Hospitalaria	Manuel Salgado Fernández
Reumatoloxía	Ceferino Barbazán Álvarez
Unidade de corta estancia	Martín Rubianes González
Unidade de mama	Rosa Mallo Alonso
Uroloxía	Antonio Ojea Calvo
Urxencias	Ángel Pichel Loureiro

Sistema de avaliación da formación especializada RD 183/2008, de 8 de febreiro



Sistema de avaliación da formación especializada R.D 183/2008, de 8 de febreiro

Avaliación do/a residente. Tipos:

O seguimento e cualificación do proceso de adquisición de competencias profesionais durante o período de residencia levarase a cabo mediante as **avaliacións formativas, anual e final**.

1.- Avaliación formativa

Criteriaos

É unha avaliación de carácter progresivo do sistema de residencia e permite avaliar o progreso na aprendizaxe do/a residente, medir a competencia adquirida en relación cos obxectivos establecidos no programa de formación da correspondente especialidade, identificar ás áreas e competencias susceptibles de mellora e achegar suxestións específicas para corrixilas.

Instrumentos:

- ✓ *Entrevistas periódicas de titor e residente, de carácter estruturado e pactado, que favorezan a autoavaliación e a aprendizaxe do/a especialista en formación.*
- ✓ *Instrumentos que permitan unha valoración obxectiva do progreso competencial do/a residente segundo os criterios do programa formativo e o ano que estea cursando.*
- ✓ *O libro do Residente como soporte operativo da avaliación formativa do mesmo.*

Informes:

O Titor, como responsable da avaliación formativa, cumprimentará informes normalizados baseados nos instrumentos anteriormente mencionados, que se incorporaran a súa vez ao expediente persoal de cada residente.

O libro do Residente:

- É de carácter obrigatorio.
- Rexistro individual de actividades (datos cualitativos e cuantitativos).
- Rexistro de rotacións realizadas.
- Instrumento para a autoaprendizaxe.
- Recurso de referencia nas avaliacións xunto cos instrumentos de valoración do progreso competencial do/a residente.
- O libro é propiedade do/a residente, que o cumprimentará coa axuda e supervisión do titor.
- A comisión nacional de cada especialidade deseñará a estrutura básica do libro que será aprobado polo Ministerio de Sanidade.

Comités de Avaliación:

Constituírase un comité de avaliación por cada unha das especialidades cuxos programas formativos se desenvolvan no centro ou unidade docente.

Composición:

- ➔ Xefe de Estudos (presidirá o Comité).
- ➔ Presidente/a da Subcomisión.
- ➔ Titor do/a residente.
- ➔ Profesional que preste servizos no centro ou unidade da que se trate, co título de especialista, designado pola Comisión de Docencia.
- ➔ Vogal designado pola Comunidade Autónoma.

2.- Avaliación anual

A avaliación anual ten como finalidade cualificar os coñecementos, habilidades e actitudes de cada residente ao rematar cada un dos anos que integran o período formativo, nos seguintes termos:

- **Positiva:** Cando o/a residente acadou o nivel esixible para considerar que cumpriu os obxectivos do programa formativo no ano de que se trate.

- **Negativa:** Cando o/a residente non acadou o nivel mínimo esixible para considerar que se cumpriron os obxectivos do programa formativo.

Non obstante a avaliación negativa é **recuperable** nos seguintes supostos:

1. Cando non se acadaron os obxectivos formativos fixados, debido a insuficiencias na aprendizaxe susceptibles de recuperación.
2. Avaliación anual negativa debida a imposibilidade de prestación de servizos por un período superior ao 25 por cento da xornada anual, como consecuencia de suspensión de contrato ou por outras causas legais.

Unha vez completado o período de recuperación que corresponda realizarase a correspondente avaliación.

A repetición completa dun ano require previo o informe da Comisión de Docencia e será resolta polo Ministerio de Sanidade.

A prórroga do período formativo ou a repetición do ano levarán a prórroga do contrato polo período que en cada caso corresponda.

Non terán carácter recuperable supostos debidos a reiteradas faltas de asistencia non xustificadas, a notoria falta de aproveitamento ou a insuficiencias de aprendizaxe non susceptibles de recuperación. Nestes supostos o Comité de avaliación propondrá a extinción do contrato.

Procedementos para a revisión das avaliacións anuais negativas non recuperables

Dentro dos 10 días seguintes á publicación ou notificación das avaliacións anuais negativas non recuperables, o/a residente poderá solicitar por escrito a revisión ante Comisión de Docencia, previa citación do/a interesado/a, que se reunirá dentro dos 15 días posteriores á recepción da solicitude.

Ao acto de revisión deberá acudir acompañado do titor.

Os/as membros da Comisión de Docencia formularán as preguntas que consideren oportunas e decidirán por maioría absoluta dos/as seus/súas membros a cualificación definitiva do ano formativo do que se trate.

A Comisión de Docencia notificaralle a avaliación negativa ao/á residente e á Xerencia, que notificará ao/á interesado/a a extinción da súa relación laboral como consecuencia da avaliación negativa.

Se o acordo fora positivo, procederase a súa publicación no taboleiro de anuncios no prazo de 5 días, contado a partir da data de revisión.

Os acordos da Comisión de Docencia en canto á revisión de avaliacións anuais do último ano trasladaranse de inmediato ao correspondente comité de avaliación.

3.- Avaliación final

A avaliación final ten como obxecto verificar que o nivel de competencias adquirido polo/a especialista en formación durante o período de residencia lle permite acceder ao título de especialista.

Procedemento:

1. Realizaráselle aos/ás residentes tras a avaliación do último ano de residencia e levarase a cabo polo comité de avaliación da especialidade correspondente, no prazo de 10 días dende a data na que a Comisión de Docencia convoque ditos comités, trasladándolles as avaliacións do último ano.
2. O comité de avaliación levantará acta outorgando a cada residente unha das seguintes cualificacións:
 - Positiva
 - Positiva destacada
 - Negativa
3. O presidente da Comisión de Docencia remitiralle ao Rexistro Nacional de Especialistas en Formación as avaliacións finais e as solicitudes de revisión das mesmas.

A avaliación final positiva do período de residencia dará dereito a obtención oficial do título de especialista, polo que, unha vez notificada ao Rexistro Nacional de Especialistas en Formación, o Ministerio de Sanidade e Consumo procederá ao seu traslado ao Ministerio de Educación e Ciencia, xunto coa documentación necesaria para que se ditén as ordes de concesión dos títulos de especialista.

Revisión das avaliacións finais

Revisión das avaliacións finais negativas

Cando a avaliación final do período de residencia sexa negativa, a comisión nacional da correspondente especialidade procederá á realización dunha proba aos/ás residentes que o soliciten.

A proba realizarase nos 30 días seguintes á comunicación das solicitudes de revisión á comisión nacional da especialidade polo Rexistro de Especialistas en Formación.

A proba deseñarase con suxeición aos criterios de avaliación que estableza a comisión nacional da especialidade da que se trate e terá como finalidade verificar se o/a residente adquiriu o nivel suficiente de coñecementos, habilidades e actitudes para considerar que cumpriu cos obxectivos do programa formativo.

A avaliación final positiva ou negativa, neste último caso motivada, decidírase por maioría absoluta dos/as seus/súas membros e notificaráselle aos/ás interesados/as.

Si se mantivera a avaliación negativa, o/a interesado/a terá dereito a realizar unha proba extraordinaria ante a mesma comisión, entre os 6 meses como mínimo e 1 ano como máximo, a contar dende a proba anterior.

A Comisión estará obrigada a notificar ao/á interesado/a a data da proba extraordinaria cun mes de antelación.

A cualificación da proba extraordinaria decidírase por maioría absoluta e será definitiva.

Revisión das avaliacións finais positivas

Cando a avaliación final do período de residencia sexa positiva, a comisión nacional correspondente procederá á realización dunha proba aos/ás residentes que o soliciten para a obtención, segundo a seguinte graduación ascendente, dalgunha das seguintes cualificacións:

- Destacado con mención da comisión nacional da especialidade.
- Destacado con mención especial da comisión nacional da especialidade.

Dita proba realizarase nos 30 días seguintes á comunicación das solicitudes ás correspondentes comisións nacionais da especialidade polo Rexistro Nacional de Especialistas en Formación.

Cando o número de solicitudes así o aconselle, poderase convocar aos/ás aspirantes a mencionada proba mediante resolución no Boletín Oficial do Estado (BOE).

A finalidade da proba, que se deseñará con suxeición aos criterios de avaliación que estableza a comisión nacional que corresponda, será avaliar se o nivel de competencias adquirido polo/a residente durante o período formativo lle permite obter algunha das cualificacións antes mencionadas.

Estas cualificacións decidiranse por maioría absoluta, terán carácter definitivo sen posibilidade de proba extraordinaria e anotaranse no Rexistro Nacional de Especialistas en Formación.

Estas cualificacións darán dereito á expedición polo Ministerio de Sanidade e Consumo dun diploma acreditativo.

Efectos da avaliación final

A avaliación final positiva do período de residencia dará dereito a obtención do título oficial de especialista, polo que, unha vez notificada ao Rexistro Nacional de Especialistas en Formación, o Ministerio de Sanidade procederá ao traslado ao Ministerio de Educación e Ciencia, xunto coa documentación necesaria para que se diten as ordes de concesión dos títulos de especialista.

A avaliación final negativa do período de residencia, motivada pola presentación ou pola non superación da proba ordinaria, ou extraordinaria, terá carácter definitivo e impedirá a obtención do título de especialista.

Rotacións externas



Rotacións externas

Son períodos formativos que se levan a cabo en centros ou dispositivos non previstos no programa de formación nin na acreditación outorgada ao centro ou unidade docente nos que se desenvolva dita formación.

Requisitos:

- 1.- Ser propostas polo titor á Comisión de Docencia coa especificación dos obxectivos que se pretenden, que deben referirse a ampliación de coñecementos ou para o aprendizaxe de técnicas non practicadas no centro ou unidade e que, segundo o programa de formación, sexan necesarias ou complementarias do mesmo.
- 2.- Que se realicen preferentemente en centros acreditados para a docencia ou en centros nacionais ou estranxeiros de recoñecido prestixio.
- 3.- Nas especialidades de duración de 4 ou máis anos o período de rotación non poderán superar os 4 meses continuados dentro de cada período de formación anual, nin 12 meses no conxunto do período formativo da especialidade da que se trate.
- 4.- Nas especialidades de 1, 2 ou 3 anos, o período de rotación no poderá superar os 2, 4 ou 7 meses, respectivamente, no conxunto do período formativo da especialidade de que se trate.
- 5.- A xerencia do centro de orixe aboará a totalidade das retribucións do/a residente, incluídas as derivadas da atención continuada que realice durante a rotación externa.
- 6.- O centro onde se realizou a rotación externa emitirá o correspondente informe de avaliación, sendo responsabilidade do/a residente o traslado de dito informe a secretaría da Comisión de Docencia do centro de orixe para a súa avaliación en tempo en forma.
- 7.- Que a comisión de docencia de destino manifieste expresamente a conformidade.

8.- Non se tramitarán nin autorizarán, rotacións externas no primeiro ano de formación, nin nos períodos que coincidan coa avaliación do/a residente do último ano, salvo nas especialidades de 1 ou 2 anos.

Documentación:

1.- Instancia do/a residente solicitando a rotación especificando o período de duración da mesma.

2.- Informe proposta motivado polo/a responsable da titoría docente, co visto e prace do/da xefe/a de servizo onde estea situada a unidade docente, especificando os obxectivos que se pretenden, os cales deben referirse á ampliación de coñecementos ou ao aprendizaxe de técnicas non practicadas no centro, e que, segundo o programa de formación, son necesarios ou complementarios a este.

Avaliación rotación:

A avaliación reflíctese nunha ficha que será remitida á Secretaría da Comisión de Docencia, para a súa custodia no expediente docente do interesado.

1.- As rotacións externas autorizadas e avaliadas conforme ao previsto na presente instrución, ademais de terse en conta na avaliación formativa e anual, inscribíranse no Libro do residente.

2.- Ao finalizar a rotación, o centro onde se realizou a rotación externa emitirá o correspondente informe de avaliación.

Gardas:

Nas rotacións externas o número máximo de gardas que se poderán realizar mensualmente son 5: 4 laborables e 1 festiva.

Trámites:

Achegarase cuberto a Secretaría de Docencia do Hospital Álvaro Cunqueiro o seguinte formulario:

Asunto: SOLICITUDE AUTORIZACIÓN ROTACIÓN EXTERNA

TITOR, D/D^a :	
ESPECIALIDADE:	
RESIDENTE , D/D^a:	
ANO DE RESIDENCIA: (Na data da solicitude)	

PERÍODO de rotación:	Desde:	Ata:
SERVIZO / UNIDADE de rotación:		
HOSPITAL / CENTRO de rotación:		

INFORME MOTIVADO DO TITOR (obligatorio)

Obxectivos da rotación:

Xustificación da rotación:

Vigo, a ____ de _____ de 20__

Sinatura do Titor:	Sinatura do Xefe de Servizo:	Sinatura do Residente:

COMISIÓN DE DOCENCIA DO C.H. UNIVERSITARIO DE VIGO – EOXI VIGO

Estancias formativas



Estancias formativas

As estancias formativas para profesionais ou especialistas en formación que desenvolven a súa actividade no estranxeiro serán tramitadas polo/a interesado/a a través da web do Ministerio de Sanidade nos prazos habilitados para elo.

<https://www.mscbs.gob.es/profesionales/formacion/estanciasFormativasEx/home.htm>

1.- Unicamente pódese solicitar unha estancia formativa e pedir nesta un único hospital.

2.- Os/as interesados/as deberán aportar un certificado expedido polo país de orixe que acredite que o/a interesado/a non foi condenado/a no seu país por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual a que se refire o artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, de 15 de Xaneiro, de protección xurídica do/da menor.

3.- Documentación a aportar ao Ministerio: Ver páxina web .

- ✓ Modelo de solicitude.
- ✓ Copia do pasaporte.
- ✓ Copia legalizada do título oficial de graduado universitario ou de especialista en Ciencias da Saúde.
- ✓ Informe favorable da Comisión de Docencia.
- ✓ Informe favorable do órgano competente en materia de formación especializada da Comunidade Autónoma.
- ✓ Informe do/da responsable do centro sanitario estranxeiro onde o/a interesado/a preste servizos.

Recursos de Investigación e Docencia



Recursos de investigación e docencia

BIBLIOTECA

A Biblioteca é un instrumento de traballo que debe responder ás necesidades de información en Ciencias da Saúde de todos os profesionais pertencentes a esta Área Sanitaria:

- Persoal facultativo, persoal de enfermería e outros profesionais da saúde en actividades de asistencia sanitaria ou investigación.
- Xestores e administradores de programas de atención sanitaria.
- Investigadores de calquera campo das Ciencias da Saúde.
- Persoal docente e alumnos/as de profesións relacionadas coas Ciencias da Saúde.

Ademais, ofrece habitualmente información a outros/as profesionais sanitarios da Área de Saúde e a través do préstamo Interbibliotecario, facilita información a Bibliotecas de Ciencias da Saúde de toda España, especialmente a Bibliotecas doutros hospitais e diferentes organismos públicos.

Estrutura

O CHUVI conta con 2 bibliotecas que están situadas no Hospital Álvaro Cunqueiro e no Hospital do Meixoeiro.

A biblioteca do Hospital Álvaro Cunqueiro está situada na planta 0, dispón de 24 postos de lectura, 4 ordenadores para buscas bibliográficas e 2 para xestión da biblioteca, e 2 impresoras en rede para todos os ordenadores.

Dispón de monografías e publicacións periódicas. Supoñen un total de 12550 libros mais aqueles aos que teñen acceso os profesionais a través da plataforma de biblosaúde.

Organización

A Biblioteca atópase na Área de Docencia e Calidade e depende da Xerencia da Área Sanitaria de Vigo.

A Xerencia debe garantir que a Biblioteca, como centro depositario de información e documentación, e facilitador do acceso aos documentos bibliográficos, cumpra de maneira ecuánime e eficaz as súas funcións.

A súa misión consiste en poñer a disposición dos/das profesionais dedicados/as ao ámbito da asistencia, docencia e investigación, a maior produción bibliográfica sanitaria posible, e en calquera soporte existente.

A Biblioteca debe actuar con axilidade administrativa e adecuar os seus recursos estruturais aos avances na tecnoloxía da información, de maneira que preste o mellor servizo aos seus usuarios/as.

Servizos

□ Préstamo

Existirá un servizo de préstamo ao domicilio para os libros, tanto existentes na propia biblioteca como a través de Bibliosaúde, co aplicativo Bico poder acceder a préstamos dos libros de todas as bibliotecas sanitarias dos hospitais galegos, coas seguintes condicións e normas:

- O servizo está unicamente dispoñible para profesionais vinculados á Área Sanitaria de Vigo.
- O período máximo de préstamo será de 15 días naturais para os libros de biblioteca e de 1 mes para aqueles solicitados a través do Bico.
- Os préstamos poderán prorrogarse, sempre e cando non haxa solicitudes de outros/as usuarios/as.
- No caso de deterioro ou perda do material prestado, o/a prestatario/a está obrigado/a a súa reposición.

Se algún/ha usuario/a contravén as normas establecidas, a Xerencia tomará as medidas oportunas. Quedan excluídas do préstamo todas as obras da sección de referencia e consulta (bibliografías, índices, dicionarios, enciclopedias, etc...)

Busca bibliográfica

As buscas poden ser realizadas “in situ” (polos/as propios/as lectores/as, ou coa asistencia do persoal da Biblioteca) ou ben poden ser solicitadas por escrito ao persoal da Biblioteca. Só se permiten conexións vía Internet para consultas exclusivamente relacionadas coa Medicina e as Ciencias da saúde, ou para o acceso a bases de datos bibliográficas.

❑ Fondos impresos

- O acceso a libros e publicacións periódicas é directo.
- Os libros e publicacións periódicas están ordenadas por especialidade.

❑ Catálogo de publicacións periódicas

O catálogo das Bibliotecas do CHUVI, figura no Catálogo de Publicacións Periódicas en Ciencias da Saúde españolas C-17.

❑ Catálogo de libros

As monografías do CHUVI están catalogadas na base de datos de xestión de Bibliotecas, apartado de catalogación de monografías.

❑ Solicitude de artigos a outras Bibliotecas e Centros de Documentación

A Biblioteca facilita fotocopias de aqueles artigos de revistas que non atopen entre os seus fondos.

❑ Acceso electrónico

Realizarse a través da plataforma da biblioteca virtual do sistema sanitario público de Galicia: Bibliosaúde.

HORARIO

	Días laborais	Sábados
Hospital Álvaro Cunqueiro	De 8.00 a 21.00 horas	De 9.00 a 14.00 horas
Hospital do Meixoeiro	De 8.00 a 15.00 horas	-----

INVESTIGACIÓN

A vocación, o compromiso ético, o equilibrio entre o propio e o alleo, o beneficio, o lucro, a actividade empresarial ou profesional privada e o beneficio común son conceptos que nos retan e forzan a tomar decisións constantemente para orientar os nosos actos. A percepción da complexidade e a posibilidade de innovación e xeración de novos coñecementos do entorno asistencial apreciase só vivindo a propia contorna asistencial. Vos sodes persoas privilexiadas: chegades a unha etapa da vosa formación na que tedes demostrado contar con extraordinarios coñecementos que vos facultan para dar o paso máis complexo: interaccionar cos destinatarios do voso saber.

Os coñecementos son o berce da curiosidade. Unha curiosidade que ten que ser respectuosa: o paciente é sempre o fin, nunca o medio. Complexo equilibrio... A Xerencia da Área Sanitaria de Vigo é consciente da complexidade. Está decidida a potenciar un entorno no que a prestación da atención sanitaria, a formación dos/as profesionais, a investigación e innovación coexistan.

Instituto de Investigación Sanitaria Galicia Sur (IISGS)



É un espazo de investigación biomédica multidisciplinar e traslacional, con sede no Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo (Bloque técnico: 2º andar), composto por grupos de investigación clínicos das Áreas Sanitarias do Sur de Galicia (Vigo, Ourense e Pontevedra) e os grupos biomédicos da Universidade de Vigo, onde se concentra un

alto nivel asistencial, docente e investigador, e co obxectivo de promover a investigación traslacional e a innovación, garantindo a aplicación efectiva dos resultados de investigación en termos de beneficios para a saúde da cidadanía

Da apoio e asesoramento aos/ás profesionais e investigadores/as dos centros das Áreas Sanitarias de Vigo, de Pontevedra e o Salnés e de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras, así como aos/ás investigadores/as do Instituto de Investigación Sanitaria Galicia Sur.

A fundación ten encomendado pola Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia a xestión integral da investigación e innovación que os/as profesionais da nosa área desenvolven, así como a promoción dos resultados que a actividade investigadora xenera.

Debe ofrecer unha investigación competitiva a nivel internacional, sendo un centro de referencia e excelencia tecnolóxica, que impulse a transferencia de resultados á práctica clínica e o mundo científico e empresarial.

Funcións:

- ➔ Fomentar a colaboración entre investigadores/as de ámbito básico, clínico, de saúde pública e de servizos de saúde.
- ➔ Impulsar a investigación traslacional e a innovación, que teñan aplicación e repercusión clínica.
- ➔ Promover a integración organizativa entre os centros que conforman o Instituto e establecer novas alianzas con outros pertencentes a diversas institucións no ámbito autonómico, estatal ou supraestatal.
- ➔ Promover e desenvolver programas de investigación e de formación de investigadores/as, prestando especial atención á formación científica de profesionais sanitarios.
- ➔ Fomentar o incremento da masa crítica a nivel local, as sinerxías e o uso eficiente das infraestruturas e recursos dispoñibles.
- ➔ Fomentar a difusión dos resultados de investigación, así como a captación de recursos económicos, públicos ou privados, para o mantemento da súa actividade.

Misión:

Alcanzar un espazo de investigación de alto nivel, aplicable á asistencia sanitaria e que reforce a capacidade de innovación no ámbito da investigación biomédica. Impulsando a investigación, a docencia, a innovación e o desenvolvemento científico-tecnolóxico no ámbito sanitario galego. Traballa para promover a innovación e investigación galegas, poñendo a disposición dos/as nosos/as investigadores/as e do resto da sociedade os medios e recursos necesarios.

Os servizos da Fundación Biomédica Galicia Sur se estruturan en catro áreas:

1.- Promoción da investigación:

Unha das súas prioridades é fomentar e desenvolver actividades para a difusión da investigación. Organizar eventos científicos en colaboración cos/as investigadores/as: Cursos, seminarios, conferencias, talleres, etc.

2.- Xestión da investigación:

Ofrecer apoio ao persoal investigador, dende a identificación da financiamento a que poden optar, ata a xestión posterior das axudas concedidas. Xestionar fondos recibidos a través de doazóns e convenios de colaboración.

3.- Xestión de estudos clínicos:

Xestionar e tramitar os estudos e ensaios clínicos que se levan a cabo nos centros sanitarios das áreas de Vigo, Ourense e Pontevedra. Os servizos de apoio e xestión difiren segundo sexan estudos e ensaios comerciais ou de investigación independente.

4.- Transferencia de resultados (OTRI):

Server de apoio á innovación e xeración de novas tecnoloxías dentro da área sanitaria de Vigo, Ourense e Pontevedra.

As áreas de investigación son:

- Neurociencias e enfermidades psiquiátricas.
- Enfermidades inflamatorias e infecciosas e trastornos inmunitarios.
- Metabolismo, nutrición e enfermidades raras e de base xenética.
- Novas tecnoloxías, biomaterias e enxeñería de tecidos.
- Enfermidades de grandes sistemas, envellecemento e medicina rexenerativa.
- Cancro.
- Eficiencia e calidade en sistemas de saúde, seguridade do paciente e economía da saúde.
- Diagnóstico clínico avanzado con RM, diagnóstico por imaxe.

Director Científico	Dr. José Ramón Fernández Lorenzo
Secretaría Técnica	María Beatriz Concepción Machado Teléfono: 986 217542 – Extensión: 515452 correo: secretaria.iisgs@sergas.es

Normas xerais dos/as Residentes



Normas xerais dos residentes

Real Decreto 1146/2006, de 6 de outubro, pola que se regula a relación laboral especial de residencia para a formación de especialistas en Ciencias da Saúde e na Resolución conxunta do 17 de abril de 2007, da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde.

Capítulo II

Do Contrato

Artigo 2

Forma, contido e eficacia do contrato

1. O contrato de traballo celebrarase por escrito entre o/a residente, na súa condición de traballador/a, e a entidade titular da unidade docente acreditada para impartir a formación, na súa condición de empregador/a ou empresario/a.

2. No contrato, que se formalizará por cuadruplicado, incluíranse, polo menos, os seguintes extremos:

- a) A identidade das partes que o subscriben.
- b) O domicilio social da empresa.
- c) A unidade docente onde se desenvolverá o programa de formación e centro ao que pertence ou, no seu caso, os dispositivos que a integran. Se na acreditación da mesma se prevé a rotación por máis dun centro farase constar esta circunstancia.
- d) A convocatoria na que o/a residente obtivo a praza.
- e) A data do comezo da relación laboral e a súa duración.
- f) O título universitario do/a residente e o programa de formación que vai cursar.
- g) As contías das súas retribucións.
- h) A xornada laboral.
- i) A duración das vacacións e a modalidade para a súa atribución e determinación.
- j) O convenio colectivo que, no seu caso, resulte aplicable.

3. Ao contrato incorporaránselle as dilixencias das renovacións que en cada caso correspondan segundo a duración do programa formativo da especialidade.

4. Antes da formalización do contrato, cada residente someterase a un exame médico para comprobar que non padece enfermidade nin está afectado/a por algunha limitación, física ou psíquica, que sexa incompatible coas actividades profesionais que esixe o correspondente programa formativo. O contrato quedará sen efecto si, cumprido o procedemento previsto na convocatoria pola que o/a residente obtivo a praza, se resolverse a non superación de dito exame médico.

Artigo 3

Duración do contrato

1. A duración do contrato será dun ano, renovable por períodos iguais durante o tempo que dure o seu programa de formación, sempre que, ao final de cada ano, o/a residente fora avaliado positivamente polo Comité de avaliación da especialidade correspondente.

2. Nos supostos previstos no artigo 11.2, a duración do novo contrato poderá ser inferior ao ano, celebrándose polo tempo necesario para finalizar o curso que foi interrompido.

3. Cando o residente obteña unha avaliación anual negativa por non alcanzar os obxectivos formativos fixados, pero o Comité de avaliación considere que pode acadalos mediante un plan de recuperación específica e programada, o contrato prorrogarase polo período de duración de dito plan, que deberá realizarse dentro dos tres primeiros meses do ano lectivo seguinte conxuntamente coas actividades propias deste, quedando supeditada a prórroga polos restantes nove meses ao resultado da avaliación da recuperación.

Esta prórroga de recuperación será tamén autorizada, finalizado o último ano de residencia, se o Comité de avaliación considera posible a recuperación mediante dito plan.

4. Cando a avaliación negativa se deba á imposibilidade da prestación de servizos superior ao 25 por cento da xornada anual como consecuencia da suspensión do contrato ou de outras causas legais, autorizarase a prórroga do contrato polo tempo necesario para completar o período formativo ou a súa repetición completa, previo informe da Comisión de Docencia correspondente. A proposta de repetición será resolta polo Ministerio de Sanidad y Consumo.

5. Nesta relación laboral de carácter especial de residencia non poderá establecerse período de proba.

Artigo 4

Dereitos e deberes

Ademais dos establecidos con carácter xeral no Estatuto dos Traballadores, os residentes terán os seguintes dereitos e deberes específicos:

1. Dereitos:

- A coñecer o programa de formación da especialidade a cuxo título aspira, así como, no seu caso, as adaptacións individuais.
- A designación dun titor que lle asistirá durante o desenvolvemento das actividades previstas no programa de formación.
- A recibir, a través dunha práctica profesional programada, tutelada e avaliada, unha formación teórico-práctica que lle permita alcanzar progresivamente os coñecementos e a responsabilidade profesional necesarios para o exercicio autónomo da especialidade, mediante a súa integración na actividade asistencial, ordinaria e de urxencias do centro.
- A ser informado/a das funcións, tarefas, cometidos, programación funcional e obxectivos asignados á súa unidade, centro ou institución, e dos sistemas establecidos para a avaliación do cumprimento.
- A exercer a súa profesión e desenvolver as actividades propias da especialidade cun nivel progresivo de responsabilidade a medida que se avance no programa formativo.
- A coñecer que profesionais do cadro de persoal están presentes na unidade na que o residente está prestando servizos e a consultarlles e pedir o seu apoio cando o considere necesario, sen que isto poida supoñer a denegación de asistencia ou o abandono do seu posto.
- A participar en actividades docentes, investigadoras, asistenciais e de xestión clínica nas que interveña a unidade acreditada.
- Ao rexistro das súas actividades no libro do/a residente.
- A que a avaliación continuada, anual e final da súa aprendizaxe se realice coa máxima obxectividade.

- Á prorroga da formación durante o tempo e nas condicións fixadas nos apartados 3 e 4 do artigo anterior.
- Á revisión das avaliacións anuais e finais realizada segundo o procedemento que se regula neste real decreto.
- A estar representado, nos termos que estableza a lexislación vixente, na Comisión Nacional da Especialidade e nas comisións de docencia dos centros.
- A avaliar a adecuación da organización e funcionamento do centro á actividade docente, coa garantía da confidencialidade de dita información.
- A recibir asistencia e protección da entidade docente ou servizos de saúde no exercicio da súa profesión ou no desempeño das súas funcións.
- A contar coa mesma protección en materia de saúde laboral que o resto dos/as traballadores da entidade en que preste servizos.
- A contar coa mesma protección en materia de saúde laboral que o resto dos traballadores/as da entidade en que preste servizos.
- A non ser desposuído/a da súa praza se non é por algunha das causas de extinción previstas neste real decreto ou de outras causas previstas legalmente.

2. Deberes:

- Realizar todo o programa de formación con dedicación a tempo completo, sen compatibilizalo con calquera outra actividade nos termos establecidos no artigo 20.3ª) da Lei 44/2003.
- Formarse seguindo as instrucións do seu/ súa titor/a e do persoal sanitario e dos órganos unipersoais e colexiados de dirección e docentes que, coordinadamente, se encargan do bo funcionamento do centro e do desenvolvemento do programa de formación da especialidade correspondente.
- Coñecer e cumprir os regulamentos e normas de funcionamento aplicables nas institucións que integran a unidade docente, especialmente no que se refire aos dereitos do paciente.
- Prestar persoalmente os servizos e realizar as tarefas asistenciais que estableza o correspondente programa de formación e a organización funcional do centro, para adquirir a competencia profesional relativa á especialidade e tamén contribuír aos fins propios da institución sanitaria.

- Utilizar racionalmente os recursos en beneficio do paciente e evitar o seu uso ilexítimo para o seu propio proveito ou de terceiras persoas.

Artigo 5

Xornada laboral e descansos

1. O tempo de traballo e réxime de descansos do persoal residente serán os establecidos no ámbito dos respectivos servizos de saúde, coas seguintes peculiaridades:

a) A xornada ordinaria de traballo determinarase mediante convenio colectivo. No seu defecto, será a establecida, mediante normas, pactos ou acordos, para o persoal estatutario da especialidade que o/a residente estea cursando en cada servizo de saúde. En todo caso, a duración máxima da xornada ordinaria non poderá exceder as 37,5 horas semanais de media en cómputo semestral, salvo que mediante acordo pacto ou convenio se estableza outro cómputo.

b) Entre o final dunha xornada e o comezo da seguinte deberá mediar, como mínimo, un período de descanso continuo de 12 horas. En todo caso, despois de 24 horas de traballo ininterrompido, ben sexa de xornada ordinaria que se establecera excepcionalmente, ben sexa de xornada complementaria, ben sexa de tempos conxuntos de ambas, o/a residente terá un descanso continuo de 12 horas, salvo en casos de especial interese formativo segundo criterio do seu titor ou en casos de problemas organizativos insuperables. Nestes supostos, aplicarase o réxime de descansos alternativos previstos na Lei 55/2003, de 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos Servizos de Saúde.

c) O/a residente estará obrigado/a exclusivamente a realizar as horas de xornada complementaria que o programa formativo estableza para o curso correspondente. En todo caso, no poderá realizar máis de sete gardas ao mes.

2. A xornada laboral asegurará o cumprimento dos programas formativos.

Dentro das posibilidades organizativas e funcionais de cada centro, procurarse dispoñer a xornada dos residentes de forma que a ordenación do tempo de traballo non prexudique a súa formación.

3. Non se poderán celebrar contratos de traballo do persoal residente coa xornada a tempo parcial.

Artigo 6

Festas, permisos e vacacións

1. O persoal residente gozará das festas, permisos e vacacións conforme ao regulado no artigo 37, apartados 2, 3, 4, 4 bis, 5, 6 e 7 e 38 do Estatuto dos Traballadores.
2. Os residentes que presten servizos nas entidades titulares docentes dependentes do Sistema Nacional de Saúde gozarán ademais, dos mesmos días de libre disposición que o persoal estatutario de cada servizo de saúde.
3. O goce das vacacións anuais retribuídas e festas dos/as residentes fixaranse atendendo ao cumprimento dos programas de docencia e ás necesidades asistenciais, de acordo coa programación funcional do centro.

A resolución conxunta do 17 de abril de 2007 engade:

As vacacións regulamentarias serán de 1 mes, no caso dos R1 a parte proporcional destas a razón de dous días e medio por mes traballado. Salvo casos excepcionais, que terán que consultarse con suficiente antelación coa Xefatura de Estudos, non poderán gozarse nos meses de xaneiro ou decembro, nin poderán coincidir coa Semana Santa.

Días de libre disposición: 6 días naturais ou á parte proporcional en función do tempo de traballo. Os permisos solicitaranse á Dirección, con coñecemento da Xefatura de Estudos e deberán ir favorablemente informados polo xefe do servizo correspondente.

Artigo 7

Retribucións

1. A retribución dos residentes que presten servizos nas entidades titulares docentes dependentes do Sistema Nacional de Saúde, de acordo co que se determine nas respectivas leis de orzamentos, comprenderá os seguintes conceptos:

- a) Soldo, cuxa contía será equivalente á asignada, en concepto de soldo base, ao persoal estatutario dos servizos de saúde en función do título universitario esixido para o desempeño da súa profesión, atendendo, no caso dos/as residentes, ao esixido para o ingreso no correspondente programa de formación.
- b) Complemento de grado de formación, cuxa percepción se devengará a partir do segundo curso de formación. Estará destinado a retribuír o nivel de coñecementos así como a progresiva adquisición de responsabilidades no exercicio das tarefas asistenciais.

A súa contía será porcentual respecto ao soldo. As porcentaxes serán as seguintes:

Residentes de segundo curso: 8 por cento.

Residentes de terceiro curso: 18 por cento.

Residentes de cuarto curso: 28 por cento.

Residentes de quinto curso: 38 por cento.

c) Complemento de atención continuada, destinado a remunerar a atención aos usuarios dos servizos sanitarios de maneira permanente e continuada.

d) Percibirá un *plus* de residencia en aqueles territorios nos que estea establecido.

2. Os residentes percibirán dúas pagas extraordinarias que se devengarán semestralmente, nos meses de xuño e decembro, abonándose xunto ao salario correspondente a ditos meses. A contía de cada unha delas será, como mínimo, dunha mensualidade do soldo e do complemento de grado de formación.

3. As retribucións aquí establecidas corresponden ao tempo de traballo efectivo, non computándose como tal os períodos de descanso entre xornadas.

4. Os residentes contratados por entidades privadas titulares de unidades docentes Acreditadas para impartir a formación percibirán a súa retribución conforme ao establecido no convenio colectivo que resulte aplicable. En ningún caso a remuneración correspondente á xornada ordinaria poderá ser inferior á establecida nos apartados 1. a) e b) e 2 deste artigo.

A petición de vacacións será efectuada cun mínimo de 1 mes de antelación. O permiso deberá contar co visto e prace do seu Titor, o Responsable do Servizo e a Dirección Operativa.

Resolución do 17/04/07, do Servizo Galego de Saúde, que publica o Acordo de mellora das condicións de traballo e retributivas do persoal residente en formación.

Xornada ordinaria de traballo: Será de 1645 horas anuais en 2018.

Xornada complementaria: O/a residente realizará os módulos de garda de presenza física ou a prestación da atención continuada que sexan precisos para atender as necesidades organizativas do centro e de acordo co programa formativo.

Os/as residentes en programas de formación sanitaria especializada para licenciados non realizarán, con carácter xeral, máis de cinco gardas ao mes. Este número de gardas poderá ampliarse ata 7 por necesidades formativas.

Os servizos que presten en concepto de atención continuada os/as residentes en programas de formación sanitaria especializada para diplomados realizaranse necesariamente na noite do venres ou na noite do sábado, cun máximo de 2 noites ao mes.

Descanso diario: O persoal residente terá dereito a un período mínimo de descanso ininterrompido de 12 horas entre xornadas.

Cando as necesidades formativo-asistenciais derivadas da atención permanente nos centros impidan o desfrute do referido período de descanso, aplicarase o réxime de compensación por descansos alternativos establecido no estatuto marco.

Horario: O horario da actividade do/a residente, tanto en xornada ordinaria como complementaria, adaptarase ás características organizativas da unidade en que presten servizos de acordo co programa formativo.

Permisos e licencias: O persoal residente, para os efectos de réxime de permisos e licencias, recibirá o mesmo tratamento que o persoal estatutario, licenciado ou diplomado sanitario, da institución en que preste servizos. Para a concesión dos permisos e licenzas atenderase primordialmente ao cumprimento do programa formativo e ás necesidades asistenciais, de acordo coa programación da actividade do centro.

Mellora das prestacións: En caso de baixa por incapacidade temporal, situación de risco por embarazo ou maternidade, completarse a prestación da Seguridade Social ata

acadar a contía do soldo base e o complemento de grao de formación que viña percibindo o residente.

Manutención e locais de descanso: Para os efectos de manutención e disposición de locais de descanso durante a xornada de traballo, o persoal residente recibirá o mesmo tratamento que o persoal de cadro da unidade en que preste servizos.

Desprazamentos: Os/as residentes que teñan que prestar servizos en centros situados fóra do municipio do centro docente a que figuren adscritos, e distantes en máis de 30 quilómetros deste, terán dereito a percibir os gastos de desprazamento nos termos previstos na normativa reguladora das indemnizacións por razón de servizo.

Programación da atención continuada: Os/as residentes terán dereito a coñecer a programación da súa actividade de atención continuada (gardas) cunha antelación mínima de 15 días.

Para os efectos de responsabilidade derivada dos posibles danos ocasionados como consecuencia das intervencións do persoal residente, garáteselle idéntico tratamento que o establecido para o resto do persoal do Servizo Galego de Saúde.

BAIXA LABORAL POR ENFERMIDADE COMÚN, LICENCIA POR MATERNIDADE

O/a residente está obrigado a comunicar o antes posible ao seu titor ou responsable de Unidade, se procede, así como á Comisión de Docencia.

O parte de baixa e os partes de confirmación semanais deberán ser entregados na Oficina de Recursos Humanos. Asemade, deberá de comunicar a súa incorporación ao centro no momento no que o profesional facultativo de cabeceira proceda a darlle o alta, á Dirección de Recursos Humanos.

A efectos da debida documentación no seu arquivo docente, a Dirección de Recursos Humanos comunicarlle á comisión de Docencia as baixas producidas. Para os restantes permisos, será de aplicación o Estatuto dos Traballadores.

ACCIDENTE LABORAL

Calquera accidente laboral deberá ser comunicado ao/á responsable do Servizo aportando a folla de atención no Servizo de Urgencias, no seu caso. De producirse baixa laboral se lle comunicará inmediatamente á Dirección de Recursos Humanos. Procederá de igual forma ao dispoñer da data de alta.

IDENTIFICACIÓN E UNIFORMIDADE

IDENTIFICACIÓN

Todo o persoal debe estar correctamente identificado.

A Dirección do centro facilitaralles un cartón identificativo que se colocará en lugar visible contendo o nome, fotografía e referencia ao tipo de profesional de que se trate. As tarxetas serán facilitadas no momento da súa incorporación mediante solicitude nos Puntos de Acreditación Electrónica (PAE) dos correspondentes centros.

UNIFORMIDADE E ROUPA VERDE

O uso dos uniformes cirúrxicos (pixamas, zocos, batas e gorros de cor verde) debe limitarse exclusivamente ao bloque cirúrxico por motivos estritos de seguridade, sendo ademais obrigatorio o seu uso nestas áreas.

En consecuencia, o uso desta indumentaria verde está prohibida fóra do bloque cirúrxico, por criterios de hixiene e seguridade.

En concreto, tanto no Hospital do Meixoeiro como no Hospital Álvaro Cunqueiro, non está permitido o uso da roupa de cor verde nas seguintes áreas e todas aquelas que non sexan do bloque cirúrxico: Críticos adultos (UCI ou REA), Críticos pediátricos (Neonatos ou UCI pediátrica), UTPR, Radioloxía, Urgencias, Cardioloxía intervencionista, Unidades de Hospitalización, Laboratorios, Consultas externas, Gabinetes, Oncoloxía Radioterápica, Farmacia, cafetería, comedor de garda, aparcamento e no exterior dos edificios.

Nestas áreas, e en xeral en todas as áreas do hospital agás no bloque cirúrxico, o persoal deberá vestir co uniforme correspondente de cor branco.

Por motivos de seguridade e hixiene está tamén prohibido lavar o uniforme nun lugar distinto da lavandería onde se lava a roupa do hospital e saír do recinto do hospital co uniforme posto.

O cumprimento desta normativa é responsabilidade individual de cada traballador/a, pero tamén o é dos/as xefes/as de servizo, xefes/as de sección, supervisores/as, coordinadores/as e encargados/as, así como do equipo directivo e dos/as xefes/as de garda e supervisores/as xerais.

Calquera traballador/a que incumpra esta normativa poderá e deberá ser requirido/a para que a cumpra.

Nas cafeterías do Complexo non se atenderá a ningún/ha traballador/a que vaia vestido/a total ou parcialmente coa indumentaria verde de quirófano.

Programa de formación de residentes no Servizo de Urxencias



Programa de formación de residentes no Servizo de Urgencias

A rotación nos servizos de urgencias (Adultos, Pediatría, Obstétrico-Xinecolóxicas) é fundamental para a formación de calquera médico, o coñecemento e desenvolvemento de hábitos e estratexias propias da urgencia, permitirá independentemente do tipo de especialidade á que se teña optado por aprender, estar capacitado/a para manexar, ou cando menos recoñecer, a urgencia básica (exploración xeral e elaboración de historias clínicas, reanimación cardiopulmonar, analxesia e ansiolise básicas, sueroterapia, clasificación e/ou priorización de enfermidades habituais, interpretación de probas funcionais).

PLANIFICACIÓN E AVALIACIÓN DA FORMACIÓN EN URXENCIAS

Titoría

A figura clave da aprendizaxe do/a residente é o seu titor, en canto é o/a responsable de súa supervisión directa e continuada. O titor é parte do soporte persoal, profesional e educativo do/a residente, que lle permite progresar no seu adestramento, ata adquirir un grao de autonomía profesional óptimo. O seu papel, polo tanto, non se limita a mera supervisión educativa, senón que se centra no desenvolvemento educativo dun médico en formación.

As tendencias do ensino médico para a práctica clínica sinala a necesidade de aplicar metodoloxías docentes que consigan a aprendizaxe efectiva dos/as alumnos/as, centrando o proceso de ensino en quen aprende. O/a titor/a, máis que ensinar debe ser capaz de motivar ao/á residente, inducir a súa aprendizaxe efectiva, e fomentar a reflexión, a fin de que progresivamente adquira seguridade en si mesmo e un grao de autonomía acorde ao transcurso da residencia.

Por outra parte, os/as que aprenden deben ser capaces de avaliar a súa propia actuación e progreso, sempre en función dos obxectivos establecidos. Con independencia da avaliación externa que realizan os/as Titores/as e xefes/as de servizo, se considera de gran valor que o/a residente incorpore un proceso de autoreflexión sobre a calidade da súa formación, tomando conciencia das súas debilidades e fortalezas, de maneira que sexa capaz de potenciar ou reconducir a tempo as posibles lagoas no seu desenvolvemento formativo.

En consecuencia, a existencia dun plan docente e duns criterios de avaliación definidos serán os instrumentos fundamentais que desenvolva o Servizo de Urgencias correspondente para mellorar a calidade da formación adquirida polo/a residente.

Plan docente

Neste sentido, durante a súa estancia no Servizo de Urgencias, o/a residente alcanzará os seguintes obxectivos establecidos en relación coa actividade de atención clínica que se desenvolva na Urgencia: a decisión do destino do/a paciente, avaliación inicial e inicio do tratamento.

- Aprenderá a recoñecer os diferentes grados de gravidade que presentan as principais enfermidades que acoden a Urgencias (clasificación o “triaxe”).
- Educarase no exercicio de realización da entrevista clínica e exploración, establecemento dun plan diagnóstico – terapéutico, uso racional e eficiente das probas complementarias, e relación con familiares e acompañantes.
- Así mesmo adquirirá competencia profesional para realizar un diagnóstico diferencial e estabilización do/a paciente ate a intervención do/a especialista.
- Adquirirá un coñecemento suficiente sobre a terapéutica básica da medicina de urgencias.
- Estabilización no traslado de pacientes críticos que necesitan apoio de enfermería e médico.
- Adquirir a suficiente capacitación en técnicas de Reanimación cardiopulmonar.

O/a residente contará cunha titorización continuada a cargo dun/ha médico adxunto/a responsable do grupo de traballo que irá variando no seu grao conforme a evolución do mesmo.

En canto á realización da actividade asistencial, as actuacións do/a residente cinguiranse á normativa interna dos Servizos de Urgencias, así como ao do propio Complexo Hospitalario Universitario de Vigo.

A avaliación realizarase mediante a normativa emitida pola Comisión de Docencia do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo.

1. As Rotacions e as Gardas de presenza física

Residentes de Medicina de Familia

R1

Xuño, Xullo e Agosto: 2 Gardas no Hospital e 3 no PAC.

Os 3 primeiros meses son 2 gardas no Hospital e 3 no PAC.

A partir de setembro hata o final de R1: 4 Gardas no Hospital (área de boxes) e 1 no PAC.

A partir do 4 mes hata finalizar R1: Gardas no Hospital e 1 no PAC.

R2

11 Meses: 16 gardas en urxencias adultos (Zona COTO) o longo de todo o ano, 6 tardes en Oftalmoloxía, 24 gardas en urxencias adultos, 11 gardas no PAC.

1 Mes as realizan no PAC coincidindo coa súa rotación de Centro de saúde rural.

R3

1 Mes gardas en Xinecoloxía.

3 Meses gardas en Pediatría.

Gardas electivas.

Hata 8 Meses en Urxencias - Boxes (4 o mes).

R4

Poden realizar gardas voluntarias en Urxencias - Boxes: Unha ou dúas.

Resto no PAC.

Residentes de Medicina do Traballo

R2

Realizan gardas en Urxencias nos meses de abril e maio (5 cada mes).

Residentes do resto das especialidades

Todos/as os/as R1 realizan gardas en urxencias **excepto** as especialidades de: Pediatría, Xinecoloxía, Radiodiagnóstico, Laboratorio rama bioquímica, e Anatomía Patolóxica.

O número total de gardas é de 5 o mes pero non se realizan todo o ano (ver cadro das distintas especialidades detallado).

CRONOGRAMA GARDAS URXENCIAS CURSO 2020-21 HAC

OUTUBRO	NOVEMBRO	DECEMBRO	XANEIRO	FEBREIRO	MARZO	ABRIL	MAIO	XUÑO	XULLO	AGOSTO	SETEMBRO
Cardio 1	Cardio 1	Cardio 1	Cardio 1	Cardio 1	Cardio 1	Cardio 1		NeuroCx	NeuroCx	NeuroCx	NeuroCx
Cardio 2	Cardio 2	Cardio 2	Cardio 2	Cardio 2	Cardio 2	Cardio 2		Cx torácica	Cx torácica	Cx torácica	Cx torácica
Urología	Urología	Urología		Neuro 2 1G	Neuro 2 1G	Neuro 2 5G	Neuro 2 5G	Neuro 2 5G	Neuro 2 5G	Neuro 2 3G	Neuro 2 3G
Neuro1 5G	Neuro1 5G	Neuro1 5G	Neuro1 5G			Urología		Neuro1 1G	Neuro1 1G	Neuro 1 3G	Neuro 1 3G
				COT2	COT2	COT2	COT2	COT3	COT 3	COT 3	COT3
	Anest 1 G3	Anest 1 G3	Anest 1 G3	Anest 1 G3	Anest 1 G3	Anest 1 G3	Anest 1 G3	Anest 1 G3	Anest 1 G2	Anest 1 G2	Anest 1 G2
	Anest 2 G3	Anest 2 G3	Anest 2 G3	Anest 2 G3	Anest 2 G3	Anest 2 G3	Anest 2 G3	Anest 2 G3	Anest 2 G2	Anest 2 G2	Anest 2 G2
	Anest 3 G3	Anest 3 G3	Anest 3 G3	Anest 3 G3	Anest 3 G3	Anest 3 G3	Anest 3 G3	Anest 3 G3	Anest 3 G2	Anest 3 G2	Anest 3 G2
	Anest 4 G3	Anest 4 G3	Anest 4 G3	Anest 4 G3	Anest 4 G3	Anest 4 G3	Anest 4 G3	Anest 4 G3	Anest 4 G2	Anest 4 G2	Anest 4 G2
						Endocrino	Endocrino	Endocrino	Endocrino	Endocrino	Endocrino
	Neumo1	Neumo1	Neumo 1	Neumo 1	Neumo1	Neumo1		Cardíaca	Cardíaca	Cardíaca	Cardíaca
ORL	ORL	ORL	ORL			Neumo 2	Neumo 2	Neumo 2	Neumo 2	Neumo 2	Neumo 2
	UCI	UCI	UCI	UCI	UCI	UCI					
Radiotp5G	Radiotp5G	Radiotp5G	Radiotp5G	Radiotp5G	Radiotp5G	Radiotp3G	Radiotp3G	Radiotp3G	Radiotp3G	Radiotp3G	
Dig	Dig	Dig	Dig	Dig	Dig	Hemato	Hemato	Hemato	Hemato	Hemato	Hemato
Cir 1	Cir 1	Cir 1	Cir 1	Cir 2	Cir 2	Cir 2	Cir 2				
Psic 1 5G	Psic 1 5G	Psic 1 5G	Psic 1 1G	Psic 1 1G	Psic 1 1G	Psic 1 1G	Psic 1 1G				
Psic 2 5G	Psic 2 5G	Psic 2 5G	Psic 2 1G	Psic 2 1G	Psic 2 1G	Psic 2 1G	Psic 2 1G				
Trabajo	Trabajo	Trabajo		Vascular	Vascular	Vascular	Vascular		Trabajo	Trabajo	Trabajo
Rhb	Rhb	Rhb	Rhb	Rhb	Rhb	Onco	Onco	Onco	Onco	Onco	Onco
Neurof 5G	Neurof 5G	Neurof 5G	Neurof 5G	Neurof 2G	Neurof 2G	Neurof 3G	Neurof 3G	Neurof 3G			
OFT	OFT	OFT	OFT			Nuclear	Nuclear	Nuclear	Nuclear	Nuclear	Nuclear
GRT	GRT	GRT	GRT	GRT	GRT	Nefro	Nefro	Nefro	Nefro	Nefro	Nefro
Interna 1	Interna 1	Interna 1	Interna 1	Interna 1	Interna 1	Interna 2	Interna 2	Interna 2	Interna 2	Interna 2	Interna 2
						Interna 3	Interna 3	Interna 3	Interna 3	Interna 3	Interna 3

Nota:

- Na Especialidade de Anestesia, aínda que na carteleira consta todo o ano, na realidade realizan 2 gardas en Urxencias e 3 gardas en Anestesia.
- Na especialidade de Cardiología, de Xuño a Novembro realizan 5 gardas en Urxencias e a partir de Decembro 5 gardas no seu servizo.